

- 1) DESTINO (AREA/DESTINO): É a unidade administrativa ou o servizo ó que o posto está adscrito dentro do organigrama de administración municipal ós que se asignan os seguintes códigos:

CODIGO	AREA	SUBAREA
--------	------	---------

ALCALDÍA

912.01: Gabinete Alcaldía

912.02: Asistencia a órganos de goberno / Secretaría e protocolo

913.01: Asistencia a órganos de goberno / Comunicación social

SERVIZOS XERAIS

920.01: Secretaría xeral

920.02: Secretaría xeral / Administración xeral

920.03: Secretaría xeral / Administración xeral / Actas

920.04: Secretaría xeral / Administración xeral / Administración xeral

920.05: Secretaría xeral / Administración xeral / Rexistro

920.06: Secretaría xeral / Contratación e Patrimonio

920.07: Secretaría xeral / Administración xeral / Información

920.08: Secretaría xeral / Administración xeral / Arquivo xeral

920.09: Secretaría xeral / Administración xeral / Estatística

920.10: Secretaría xeral / Servizos xerais

920.11: Secretaría xeral / Servizos xerais - Conserxes

920.12: Secretaría xeral / Servizos xerais - Limpeza

920.13: Persoal

920.14: Persoal / Xestión e emprego

9201.01: Sistemas de información

323.01: Educación / Colexios

4312.01: Mercados

150.01: Xerencia Urbanismo

150.02: Xerencia Urbanismo / Asesoría xurídica

150.03: / Xerencia Urbanismo / Disciplina urbanística

150.04: Xerencia Urbanismo / Actividades

150.05: Xerencia Urbanismo / Oficina Técnica

150.06: Xerencia Urbanismo / Unidade servizos xerais

150.07: Xerencia Urbanismo / Medio ambiente e Patrimonio cultural

931.01: Intervención

931.02: Intervención / Contabilidade, Presupostos e Financiación

931.03: Tesourería

931.04: Tesourería / Administración

931.05: Rendas

934.01: Recadación

SERVIZOS TÉCNICOS

453.01: Mantemento municipal / Obras e servicios

164.01: Mantemento municipal / Cemiterios

165.01: Mantemento municipal / Alumeado e saneamento

170.01: Mantemento municipal / Conservación e Restauración do Patr. natural e cultural

171.01: Mantemento municipal / Parques e xardíns

SEGURIDADE CIDADÁ

132.01: Seguridade cidadá

132.02: Policía Local

132.03: Policía Local / Outros

135.01: Emerxencias

SERVIZOS AOS CIDADÁNS

241.01: Desenvolvemento local / Emprego

493.01: Consumo

431.01: Industria, comercio e turismo / Industria e comercio

432.01: Industria, comercio e turismo / Turismo

432.02: Industria, comercio e turismo / Oficinas periféricas

231.01: Benestar social / Acción social

2312.01: Benestar social / Muller

2314.01: Benestar social / Xuventude e maiores

2311.01: S.P.A.D.

323.02: Educación

3261.01: Educación / Conservatorio de Música

3262.01: Educación / Escola de Música

3321.01: Servizos culturais / Bibliotecas

334.01: Servizos culturais / Cultura

334.02: Servizos culturais / Cultura / Espazos culturais (Auditorio, Casa Cultura, etc)

334.03: Servizos culturais / Cultura / Rede centros socioculturais

334.04: Servizos culturais / Cultura / Normalización lingüística

341.01: Deportes / FPSDM / Actividades e servicios

341.02: Deportes / FPSDM / Actividades e servicios / Instalacións - Mantemento

2) CDG = CÓDIGO DO POSTO: A cada posto ou grupo de postos con idéntica denominación, requisitos e características, asignaráselle un código formado polo código do destino/área e a numeración correlativa dentro da unidade ou servicio, seguindo a orde de niveis (de maior a menor) e dentro de cada nivel seguindo o importe do complemento específico (de maior a menor).

3) DENOMINACIÓN DO POSTO: Utilízanse as denominacións do actual organigrama municipal, respetando algunhas denominacións tradicionais e aclarándoas, a veces, con denominacións complementarias, ou substituíndo as correspondentes a servicios suprimidos.

4) DOT = DOTACIÓN: Significa o número de postos de traballo que se agrupan nunha soa liña nos que concorre idéntica denominación, requisitos e características incluídas as retribucións complementarias.

5) R.E.: Reflicte a relación de emprego prevista para o desempeño do posto:

F = Funcionario; L = Laboral; E = Eventual.

6) NV-CD: Reflicte o nivel asignado a cada posto a efectos da percepción do complemento de destino.

7) COMPLEMENTO ESPECÍFICO: Reflicte o código do complemento específico global asignado ó posto e os novos valores do CE segundo a aplicación do Real Decreto-ley 8/2010, de 20 de maio polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público:

CODIGO	C.E. €/ano
1	26.004,43 €
2	16.572,71 €
3	16.391,76 €
4	12.392,54 €
5	
6	10.996,25 €

7	9.914,29 €
8	
9	9.704,64 €
10	7.994,02 €
11	
12	7.163,55 €
13 A	6.801,37 €
13 B	7.087,86 €
14	6.744,24 €
15	
16	6.186,13 €
17	5.976,62 €
18	5.876,37 €
19	5.766,97 €
20	5.937,06 €
21	5.469,49 €
22	5.627,30 €
23	5.263,41 €
24	
25	5.118,02 €
26	4.826,94 €

Ao persoal laboral que desempeña postos de traballo previstos na plantilla e anexo de persoal, dado que percibe retribucións conforme a unha estrutura retributiva análoga ao persoal funcionario, seralle de aplicación o previsto para o persoal funcionario respecto das retribucións básicas, pagas extraordinarias, e retribucións complementarias: complemento e incentivo asimiladas ao complemento de destino (complemento) e complemento específico (incentivo) respectivamente.

Para as contratacións laborais e/ou nomeamentos de funcionarios interinos realizadas ao amparo de programas de fomento do emprego, formación, e/ou práctica profesional ou similar natureza promovidos por: Deputación Provincial, Xunta de Galicia ou outras administracións. Se lles asignarán aos postos bases dentro de cada grupo ou subgrupo o complemento de destino (funcionarios) ou complemento (laborais) máis baixo correspondente a cada Grupo ou subgrupo, e non procederá a asignación de complemento específico (funcionarios) ou incentivo (laborais) segundo o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, “por el que se establece el régimen de las retribuciones de los Funcionarios de Administración Local” e normativa concordante, segundo a seguinte taboa para o ano 2015:

GRUPO/SUBGRUPO/AP	COMPLEMENTO DESTINO/COMPLEMENTO NIVEL	COPLEMENTO ESPECÍFICO/INCENTIVO
Posto Base A1/ I	20	NON
Posto Base A2/ II	16	NON
Posto Base B	13	NON
Posto Base C1/ III	11	NON
Xefe/a Brigada Prevención de Incendios C1/ III	13	2.525,00€ ano
Posto Base C2/ IV	9	NON
Posto Base AP-E/ V	7	NON
Postos: Socorrista AP-E /V	7	2.525,00€ ano
Posto: Peón Forestal/ Peón conductor Brigada de Prevención de Incendios AP-E	9	2.525,00€ ano

Aqueles postos que como consecuencia de variacións no contido das tarefas asignadas ao mesmo proceda a minoración do CE. Procederá a asignación pola diferencia dun Complemento Personal Transitorio (CPT) absorbible e compensable en futuros incrementos retributivos de dito complemento específico.

8) TP = TIPO DE POSTO: Os postos poden ser SINGULARIZADOS (cunha S na columna), cando pola súa denominación e características se diferencian dos restantes e NON SINGULARIZADOS (cunha N); Nos supostos de funcionarios eventuais de confianza ou asesoramento especial consignarase a clave E na columna.

9) FP = FORMA DE PROVISIÓN: Non se trata da forma de acceder á praza mediante probas selectivas (oposición, concurso-oposición, concurso), senon da forma de provisionar postos de traballo vacantes con funcionarios municipais de carreira. A FP normal será o concurso (na clave poñerase unha C) pero as xefaturas de unidades e servizos e os postos de especial responsabilidade e confianza se provisionarán mediante libre designación (utilizando a clave LD). A adscripción a postos non singularizados realizase mediante redistribución de efectivos por necesidades do servizo (utilizando a clave R).

10) GRP= GRUPO: Cada posto se adscribe a un grupo ou dos grupos consecutivos segundo a clasificación establecida no artº 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e disposición terceira (subgrupos A1, A2, B, C1, C2, E/AP).

11) ES = ESCALA: Utilizaranse as escalas establecidas para a Administración Local. Escala de

Funcionarios de Habilitación Nacional (HN), Escala de Administración Xeral (AG) e Escala de Administración Especial (AE).

12) CP = CORPO, SB = SUBESCALA e CL = CLASE: Utilizaranse as seguintes claves en cada columna para reflexar o corpo, subescala ou clase:

SC = Secretario; IT = Interventor; IT = Tesoureiro; ST = Subescala Técnica; SX= Subescala Xestión; SA = Subescala Administrativa; AU = Subescala Auxiliar; SU = Subescala Subalterna; TS = Subescala Técnica Superior; TM = Subescala Técnica Media; TA = Subescala Técnica Auxiliar; PL = Policía Local; CE = Cometidos Especiais; PO = Persoal de oficios

13) TITULACIÓN ACADÉMICA: Só se consigna a titulación académica específica cando é necesaria, ademais da xenérica correspondente ó grupo ó que o posto está adscrito (enténdese implícita).

14) FORMACIÓN ESPECÍFICA: Esíxese para determinados postos cando a natureza do posto de traballo o requira.

15) ST = SITUACIÓN: Nesta columna se expresa a relación do persoal co posto de traballo: (V) = Vacante; (I) = Persoal interino ou indefinido non fixo; (T) = Adscripción permanente ou indefinida non fixa; (P) = Adscripción provisional; e (E) = Outras situacións administrativas. Na columna das letras van precedidas do guarismo que indica o número de postos que se atopan en cada situación cando os mesmos se reflexen de forma agrupada.

16) Tódolos postos desempeñanse en réxime de dedicación exclusiva, agás naqueles en que se faga constar expresamente a compatibilidade. Asemade salvo os postos que expresamente se estableza, entenderase que non se prevee a súa provisión aberta a outras administracións públicas.

17): Tódolos postos que contén con complemento de produtividade asignada anualmente e abonada mensualmente consignarase na columna " OBSERVACIÓNS " coas letras " Prd ".

18): En canto a titulacións esixidas para o desempeño de cada posto as claves serán as seguintes:

1.- Título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente; 2.- Título de enxeñeiro

técnico, arquitecto-técnico, diplomado universitario, ou equivalente; 3.- Bacharelato Superior, F.P. II ou equivalente; 4.- Graduado Escolar ou equivalente; 5.- Certificado de Escolaridade; 6.- Licenciado en Dereito; 7.- Licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía (agás que a Lei o prohíba se exclúe a licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración); 8.- Licenciado en Ciencias Económicas ou Empresariais; 9.- Arquitecto Superior; 10.- Licenciado en Socioloxía; 11.- Diplomado en Informática; 12.- Diplomado en Traballo Social; 13.- Diplomado en Enfermeiría; 14.- Diplomado en Arquitectura Técnica; 15.- Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas; 16.- Licenciado en Medicina; 17.- Licenciado en Psicoloxía; 18.- F.P. I, 19.- Especialidade en Psicoloxía clínica. 20.- Título Profesional Superior de Informática (Formación Profesional grao Superior FPS).

As titulacións da anterior relación son as actualmente existentes, considerándose como válidas a efectos do desempeño do posto aquelas ás que substituiran (por exemplo Aparellador por Arquitecto-Técnico) e aquelas que no futuro poidan substituír ás actualmente existentes.

Vilagarcía de Arousa, 2 de marzo de 2018.

D. Alberto Varela Paz

ALCALDE – PRESIDENTE

De conformidade co establecido no artigo 152 da Lei 39/88 de 28 de decembro, Lei Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do cadro de persoal e relación postos de traballo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas desta xurisdicción.

O que se publica ós efectos do disposto na Lei 39/88, do 28 de decembro e demais normas concordantes, para coñecemento xeral e ós efectos oportunos.